



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº283/2016, DO 22 DE XUÑO .

Por resolución de alcaldía 224/2016, de 3 de xuño aprobáronse as bases de selección para a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de oito (8) postos de traballo de peóns de limpeza de praias, ao abeiro da segundo a Resolución de Presidência da Deputación da Coruña, núm. 11699/2016, do 24 de maio (BOP núm. 100 do 27/05/2016).

Transcorrido o prazo de 5 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecía na cláusula 5 das bases que rexen a convocatoria.

Vista a Resolución de Alcaldía 267/2016, de 17 de xuño, pola que se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para as oito prazas de peón de limpeza de praias e na que se convocaba ós aspirantes para a realización do proba da fase de oposición para o día 21 de xuño de 2016 ás 9.30 no campo do Briño, en Borneiro.

Vista a acta do tribunal de selección de 21 de xuño de 2016 na que se pon de manifesto o resultado da proba de galego (realizada tamén o día 21 de xuño de 2016 na casa do Concello) e a valoración da proba realizada na fase de oposición adoptada por unanimidade dos membros do tribunal.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Nomear como peóns de limpeza de praias ós seguintes aspirantes:

- 1.- Mato Blanco, José
- 2.- Miñones Andrade, Carlos
- 3.- Mariño Fuentes, Fernando
- 4.- Rivera Martínez, María Dolores
- 5.- Vázquez García, María Consuelo
- 6.- Vázquez Vidal, Adrián
- 7.- Varela Figueiras, Cristian
- 8.- García Paz, Francisco José

SEGUNDO: outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende esta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios procedan a presentar a documentación necesaria conforme ó establecido na cláusula oitava das bases de selección para proceder á formalización do contrato.

TERCEIRO: Publicar na web do Concello (www.concello-cabana.com) e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, dar conta ó pleno na vindeira sesión que se celebre na Casa do Concello e á Tesouraría Municipal.

Cabana de Bergantiños, o vintedous de xuño de dois mil dezaseís.

Asdo.: José Muíño Domínguez.
(A CORUÑA)

Asdo.: Marta Vázquez Garea
SECRETARIA
(A CORUÑA)